


INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xaneiro 2022

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xaneiro 2022


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un incremento do 39,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 9,7 puntos superior á do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 24,4%, 5,9 puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 44,7% e nos Outros servizos o 28,7%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 3,2% e en España un 4,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de xaneiro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un aumento do 39,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 9,7 puntos superior á do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 24,4%, 5,9 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 44,7%, suma 30,7 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 28,7% e achegan 9,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 24,4% e nos *Outros servizos* o 24,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 62,9%, co que achega 27,8 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 21,4% e achega 0,8 puntos e o *Comercio ao retalho* crece un 10,2% e suma 2,1 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 31,5%, a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 14,4% e o *Comercio ao retalho* o 13,3%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 28,7%. Todos os sectores aumentan a súa facturación agás as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,8%). Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 34,8%, co que achega 6,4 puntos a taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, 131,5%, co que achega 2,2 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 24,5%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (29,7%) e na *Hostalería* (100,7%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 36,0% no mes de xaneiro.


Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o Comercio, cunha taxa do 38,0% achega 14,5 puntos e a *Hostalería*, ao crecer un 137,7%, achega 11,7 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 39,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 35,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xaneiro en todas as comunidades autónomas aumentan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores incrementos danse en Canarias (41,6%), Galicia (39,9%) e Illes Balears (35,8%).

Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2022


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 3,2% respecto ao mes de xaneiro de 2021, 0,8 puntos menos que en España (4,0%).



O persoal ocupado crece un 2,9% no *Comercio* e un 3,5% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos danse na *Hostalería* (7,4%) e no *Comercio ao retallo* (4,1%).


En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores crecementos rexístranse na *Hostalería* (11,3%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,3%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de xaneiro con respecto ao mesmo mes do ano 2021. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (6,9%), Canarias (5,4%) e Cataluña (5,4%).

Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	139,0	39,9	39,9
Comercio	134,9	44,7	44,7
Venta e reparación de vehículos de motor	97,4	21,4	21,4
Comercio por xunto	146,8	62,9	62,9
Comercio ao retalho	114,2	10,2	10,2
Outros servizos	150,5	28,7	28,7
Transporte	226,2	34,8	34,8
Hostalería	77,7	131,5	131,5
Información e comunicacións	113,4	8,4	8,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	120,4	5,1	5,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	87,5	-0,8	-0,8
España			
Xeral	120,1	24,4	24,4
Comercio	126,9	24,4	24,4
Venta e reparación de vehículos de motor	103,4	14,4	14,4
Comercio por xunto	137,5	31,5	31,5
Comercio ao retalho	113,9	13,3	13,3
Outros servizos	107,5	24,5	24,5
Transporte	121,7	29,7	29,7
Hostalería	76,7	100,7	100,7
Información e comunicacións	109,6	10,8	10,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	119,1	9,5	9,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	96,8	22,2	22,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xaneiro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	125,8	36,0	36,0
Comercio	132,1	38,0	38,0
Transporte	178,8	27,7	27,7
Hostalería	83,0	137,7	137,7
Información e comunicacións	118,2	11,2	11,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	118,9	10,7	10,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	126,0	12,0	12,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xaneiro 2022**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	120,1	24,4	24,4
Andalucía	115,9	17,7	17,7
Aragón	117,1	24,2	24,2
Asturias	117,8	20,9	20,9
Balears, Illes	75,4	35,8	35,8
Canarias	106,4	41,6	41,6
Cantabria	126,2	17,3	17,3
Castilla y León	109,1	17,6	17,6
Castilla-La Mancha	122,9	23,5	23,5
Cataluña	114,3	22,9	22,9
Comunitat Valenciana	123,3	20,1	20,1
Extremadura	123,1	29,7	29,7
GALICIA	139,0	39,9	39,9
Madrid	128,1	27,7	27,7
Murcia	121,2	12,6	12,6
Navarra	122,6	18,8	18,8
País Vasco	124,7	19,7	19,7
Rioja, La	129,3	24,1	24,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,4	3,2	3,2
Comercio	109,5	2,9	2,9
Venta e reparación de vehículos de motor	98,4	3,1	3,1
Comercio por xunto	121,5	1,3	1,3
Comercio ao retalho	105,0	4,1	4,1
Outros servizos	104,0	3,5	3,5
Transporte	102,0	0,8	0,8
Hostalería	88,7	7,4	7,4
Información e comunicacións	113,5	3,6	3,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,5	1,3	1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,0	3,7	3,7
España			
Xeral	106,5	4,0	4,0
Comercio	106,3	1,9	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	104,2	1,3	1,3
Comercio por xunto	110,4	0,5	0,5
Comercio ao retalho	104,0	3,0	3,0
Outros servizos	106,5	5,4	5,4
Transporte	108,2	2,3	2,3
Hostalería	92,9	11,3	11,3
Información e comunicacións	115,0	4,5	4,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,0	2,5	2,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,3	5,3	5,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xaneiro 2022**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,5	4,0	4,0
Andalucía	103,8	3,9	3,9
Aragón	107,0	2,7	2,7
Asturias	103,6	3,3	3,3
Balears, Illes	87,5	6,9	6,9
Canarias	102,3	5,4	5,4
Cantabria	104,9	4,5	4,5
Castilla y León	101,4	2,0	2,0
Castilla-La Mancha	108,1	4,5	4,5
Cataluña	109,3	5,4	5,4
Comunitat Valenciana	109,3	2,7	2,7
Extremadura	105,6	5,1	5,1
GALICIA	106,4	3,2	3,2
Madrid	108,6	3,8	3,8
Murcia	112,3	5,0	5,0
Navarra	107,7	5,1	5,1
País Vasco	104,8	2,6	2,6
Rioja, La	107,1	2,8	2,8

Fonte: INE